



Guía Docente				
Datos Identificativos			2021/22	
Asignatura (*)	Práctica Sustantiva Civil II		Código	612499009
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Privado			
Coordinación	Bello Janeiro, Domingo	Correo electrónico	domingo.bello@udc.es	
Profesorado	Bello Janeiro, Domingo	Correo electrónico	domingo.bello@udc.es	
Web	http://www.dereito.udc.es/presentacion-abogacia			
Descrición xeral	- A materia Práctica Sustantiva Civil II ten como obxecto o estudo e a aprendizaxe, dese a perspectiva problemática, do Dereito de familia, do Dereito de sucesións e do Dereito de danos. Trátase de que o estudante aprenda a resolver problemas nestes tres ámbitos do Dereito privado, especialmente conflictivos. En particular o estudante debe aprender a utilizar as ferramentas xurídicas axeitadas para resolver conflitos nestes ámbitos, así como a diseñar réximes económico matrimonias e sucesións en patrimonios familiares e empresariais, axeitados para garantir a continuidade dunha sociedade ou empresa familiar e para minimizar as consecuencias tanto de eventuales responsabilidades por débedas, coma dos problemas derivados na sucesión da titularidade da empresa. Tendo en conta esta problemática, prestarase especial atención o réxime económico matrimonial de gananciais e as ititntucións de Dereito de sucesións propias do Dereito civil de Galicia e, en particular, os pactos sucesorios.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen *Metodoloxías docentes que se modifican 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado 4. Modificacións na avaliación *Observacións de avaliación: 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Obxectivo xeral: a formación ten por obxecto que o alumno/a adquira as habilidades, actitudes e coñecementos en materia de Derecho sustantivo e procesual civil, en relación co asesoramento dos intereses encomendados polo cliente, a análise e redacción dos documentos xurídicos, dirección de procedementos xudiciais e, en xeral, o axeitado exercicio da profesión nestes ámbitos (familia, sucesións e danos).	AM1	BM2	CM1
	AM2	BM3	CM2
	AM3	BM4	CM5
	AM4	BM5	CM6
	AM7	BM6	
	AM10	BM9	
1. Familia. Obxectivos: coñecer as consecuencias xurídicas da ruptura do matrimonio ou da parella de feito (unións estables de parella). Coñecer os trámites procesuais aplicables en materia de familia. Coñecer o réxime xurídico das medidas cautelares previas e coetáneas. Aprender a realizar a liquidación do réxime económico matrimonial. Habilidades: Saber redactar demandas de separación, divorcio, alimentos e custodia, tanto de mutuo acordo, coma contenciosas. Saber redactar convenios reguladores. Conciliar os intereses do propio cliente coa especial protección dos fillos menores. Saber redactar convenios de liquidación do réxime económico matrimonial e formular xudicialmente propostas de inventario e de liquidación. Actitudes: Defender o interés do cliente nunha negociación de ruptura consensuada. Propor medios de proba oportunos. Documentar os acordos alcanzados nos procedementos de mutuo acordo. Recopilar a información necesaria para a realización do inventario e a inclusión e exclusión de bens. Documentar a liquidación do réxime económico matrimonial. Informar o cliente dos efectos económicos da liquidación, incluídos os fiscais.	AM13	BM11	
		BM12	
2. Sucesións: Obxectivos: coñecer os modos de apertura da sucesión na herdanza, tipos, incapacidades e prohibicións. Coñecer a sucesión paccionada, a testada e os tipos de testamento. Coñecer o contido mínimo do testamento, legados e lexítimas. Coñecer a sucesión intestada e os seus trámites. Coñecer a aceptación da herdanza, a repudiación e o sistema de colación. Coñecer o réxime de administración dos bens da comunidade hereditaria. Coñecer cómo se forma un inventario de bens cómo formular oposición a inclusión dun determinado ben. Coñecer os cuadernos particionais. Coñecer as especialidades en materia sucesoria propias do Dereito civil de Galicia. Habilidades: diferenciar con claridade entre unha sucesión voluntaria e legal. Aplicar correctamente as causas de incapacidade e as prohibicións para suceder. Aplicar correctamente o instrumento da delación. Identificar os tipos de testamento. Aplicar correctamente o sistema de lexítimas. Tramitar notarial e xudicialmente unha sucesión intestada. Determinar a conveniencia de aceptar ou repudiar unha herencia. Elexir entre aceptación pura e simple e a beneficio de inventario. Deslindar os actos de mera administración. Diferenciar entre un contador testamentario, un contador dativo e un xudicial. Respetar as lexítimas na partición. Cerciorarse do Dereito aplicable en función da vecindade civil do causante. Garantir que nos testamentos quede plasmada realmente a vontade do testador. Actitudes: asesorar o cliente do xeito mais conveniente según os diferentes tipos de sucesión. Ter sempre presentes as peculiaridades que poden concorrer na sucesión (incapacidades, prohibicións?) Asesorar convenientemente o cliente que vai a realizar testamento tendo en conta as implicacións legais e fiscais. Asesorar o cliente sobre os efectos de la aceptación e da repudiación da herdanza. Asesorar o cliente sobre os efectos das donacións os seus herdeiros forzosos. Procurar o aseguramiento dos bens da herdanza. Advertir o cliente sobre a adecuación de utilizar distintos instrumentos propios do Dereito civil de Galicia para ordenar a súa sucesión hereditaria, especificamente canto a empresa familiar.	AM1	BM2	CM1
	AM2	BM3	CM2
	AM3	BM4	CM5
	AM4	BM5	CM6
	AM7	BM6	
	AM10	BM9	
	AM11	BM11	
	AM13	BM12	



3. Dereito de danos.	AM1	BM2	CM1
Obxectivos: coñecer o sistema de responsabilidade civil extracontractual no ámbito civil. Coñecer as formas de prevención da responsabilidade civil. Coñecer os presupostos da acción civil de responsabilidade civil extracontractual e a doutrina xurisprudencial da objetivización da responsabilidade. Distinguir os suxeitos intervintes e as especialidades da responsabilidade civil xurdida dos ilícitos penais. Coñecer as formas de determinación do dano a través das probas. Coñecer, valorar e utilizar a proba pericial. Coñecer as peculiaridades das accións de responsabilidade civil por danos nos distintos ámbitos (profesional, sanitario, construción?). Coñecer as especialidades da responsabilidade civil derivada da circulación de vehículos a motor. Aprender a utilizar o baremo de valoración de danos corporais. Coñecer o funcionamento do seguro e do Consorcio de Compensación de Seguros. Coñecer as especialidades procesuais do tratamento xurídico dos danos privados.	AM2	BM3	CM2
Habilidades: distinguir os suxeitos intervintes na responsabilidade civil extracontractual. Redactar unha demanda de responsabilidade civil. Formular reclamacións extraxudiciais por responsabilidade civil. Interpretar axeitadamente os informes periciais e forenses. Emitir as instrucións precisas para a realización dun informe pericial. Calcular a valoración de danos e secuelas. Utilizar correctamente a	AM3	BM4	CM5
lexislación aplicable en materia de danos derivados da circulación de vehículos a motor. Saber utilizar o baremo de valoración de danos corporais en materia de tráfico.	AM4	BM5	CM6
Actitudes: asesorar o cliente para previr a responsabilidade civil. Emplear en cada caso os medios de proba mais axeitados. Analizar a orde xurisdiccional adecuada para preentar unha demanda exercitando unha acción de responsabilidade civil extracontractual.	AM7	BM6	
	AM10	BM9	
	AM11	BM11	
	AM13	BM12	

Contidos	
Temas	Subtemas
I.- DEREITO DE DANOS (Prof. Dr. José Manuel Busto Lago)	1. Responsabilidade civil na circulación de vehículos de motor. Aprendizaxe do sistema de valoración de danos corporais. 2. Responsabilidade civil derivada de accidentes ocasionados por especies cinexéticas. 3. Responsabilidade civil na construción. 4. Responsabilidade civil profesional. En particular, dos profesionais xurídicos: avogados, procuradores, notarios, rexistradores e xuíces. 5. A responsabilidade dos administradores das sociedades de capital. 6. A acción de responsabilidade civil extracontractual. Aspectos procesuais. 7. O seguro de responsabilidade civil (aspectos contractuais e procesuais).
II.- DEREITO DE FAMILIA (Profesores: Dnª Digna Braña, Dnª Mª Asunción Jiménez de Llano Zato, Dnª Luisa Moure)	1. Medidas previas e provisionais nos casos de separación e de divorcio. 2. Divorcio ante notario. 3. Procedemento de común acordo: convenio regulador, especialidades do proceso. 4. Procedemento contencioso: especialidades en materia de proba. Especial referencia a custodia compartida. 5. Modificación de medidas definitivas adoptadas. 6. Liquidación do réxime económico matrimonial e, en particular, da sociedade de gananciais. Inclusións e exclusións de bens e formas de facer a liquidación da sociedade ganancial. Problemas suscitados pola comunidade postganancial.
III.- DEREITO DE SUCESIÓN (Prof. Dr. José Manuel Busto Lago e D. Miguel Caridad)	1. Testamentos. 2. Pactos sucesorios (pacto de apartación, de mellora e usufructo do cónxuxe viúvo). 3. Instrumentos para diseñar a sucesión na empresa familiar (pactos sucesorios, disposicións testamentarias e pactos de socios). 4. Declaración de herdeiros. 5. Partición e división da herdanza (convencional, pola maioría, xudicial). 6. Intervención do caudal hereditario. Medidas de aseguramento. 7. Características da administración xudicial do caudal hereditario. 8. Partición e división da herdanza: convencional, por contador-partidor e procedemento xudicial.

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 B1	30	20	50
Estudo de casos	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 B10 B11 B12 C1 C2 C5 C6	5	15	20
Seminario	A1 A2 A4 A5 A6 A7 A8 A9 B1 B3 B5 C6	20	0	20
Portafolios do alumno	A1 A2 A4 A5 A7 A9 A10 A14 A15 B11 B12 C1 C2 C5	0	10	10
Actividades iniciais	A1 A2 A3 B5	3	0	3
Atención personalizada		9.5	0	9.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	- Os/as Profesores/as exporán os contidos fundamentais da materia, permitindo a participación crítica dos/das alumnos/as.
Estudo de casos	- Os/as Profesores/as proporán casos prácticos que os/as alumnos/as resolverán, ben de forma individual, ben en grupo. As solucións plantexaranse e cuestionaranse ante o conxunto de alumnos e alumnas.
Seminario	- Ó longo do curso académico proporase a participación en seminarios monográficos sobre responsabilidade civil empresarial e profesional e sobre o sistema de valoración de danos corporais derivados da circulación de vehículos de motor.
Portafolios do alumno	- Elaboración dunha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado durante a impartición da materia. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resúmenes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, etc.
Actividades iniciais	- Actividades dirixidas a comprobar o coñecemento dos estudantes das institucións básicas de Dereito de familia, sucesións e danos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	- O Profesor/a atenderá ós/ás alumnos/as de maneira individual ou grupal, resolvendo os problemas e as cuestións suscitadas polas lecturas, casos e problemas plantexados. - Os horarios de tutorías anunciaranse a través do taboleiro de anuncios e da ferramenta on-line. - Os alumnos poderán dirixirse por medio de e-mail o Profesor e utilizar o foro do campus virtual 1.9.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Seminario	A1 A2 A4 A5 A6 A7 A8 A9 B1 B3 B5 C6	- Participación activa e crítica dos alumnos e alumnas nos seminarios propostos polos Profesores.	5



Portafolios do alumno	A1 A2 A4 A5 A7 A9 A10 A14 A15 B11 B12 C1 C2 C5	- Valoración do contido do portafolios presentado o remate da impartición da materia.	5
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 B1	- Evaluación continua das actividades realizadas polos estudantes dentro e fora da aula. - Valorarase a participación dos alumnos/as na exposición que faga o Profesor/a e en particular as súas interencións e as respostas as cuestións formuladas polo Profesor/a.	20
Estudo de casos	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 B10 B11 B12 C1 C2 C5 C6	- Ó longo do curso académico o/a Profesor/a proporá distintos casos ou supostos prácticos avaliábeis con cuestións que o/a alumno/a debebrá de contestar ou resolver de forma argumentada e, de ser o caso, sen utilizar materiais de apoio (nin bibliográficos, nin xurisprudenciais, nin normativos). - A cualificación obtida nas prácticas avaliábeis realizadas ó longo do curso académico computarase, exclusivamente, nas dúas oportunidades da primeira convocatoria (maio/xuño e xullo de 2016).	70

Observacións avaliación

Fontes de información

Bibliografía básica	- REGLERO CAMPOS y BUSTO LAGO (2014). TRATADO DE RESPONSABILIDAD CIVIL. Ed. Aranzadi, Cizur Menor - REGLERO, BUSTO et al (2013). LECCIONES DE RESPONSABILIDAD CIVIL. Ed. Aranzadi, Cizur Menor - BERCOVITZ et al (2018). DERECHO DE SUCESIONES. Madrid, Ed. Bercal - BERCOVITZ et al (2015). DERECHO DE FAMILIA. Madrid, Ed. Bercal - REBOLLEDO VARELA, Á. L. (Dir.) (2008). Comentarios a la Ley 2/2006 de Derecho Civil de Galicia. Ed. Aranzadi, Cizur Menor - BUSTO LAGO, J. M. (Dir.); ÁLVAREZ LATA, N. y PEÑA LÓPEZ, F. (2015). Curso de Derecho civil de Galicia. Barcelona. Ed. Atelier
Bibliografía complementaria	- SEOANE SPIEGLEBERG, J. L. (2009). La partición de la herencia en el Derecho gallego. Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación - LEGERÉN MOLINA, A. (2007). La partición conjunta en el Derecho gallego. Servicio de Publicacións da Universidade da Coruña - COLINA GAREA, R. (2000). La partija entre coherederos que represente la mayoría económica en la herencia. RXG, Pontevedra - CORA GUERREIRO, J. M.; ORDÓÑEZ ARMÁN, F. M. y PEÓN RAMA, V.J. (2007). Derecho de sucesiones y régimen económico familiar de Galicia, T. I y II. Madrid, Ed. Consejo General del Notariado - BERCOVITZ RODRÍGUEZ-CANO, R. (2009). Derecho de Sucesiones. Madrid, Ed. Tecnos

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Deontoloxía e Técnicas Transversais/612499001
Técnicas Instrumentais/612499002
Práctica Sustantiva Civil I/612499004

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Práctica Procesual Civil/612499003

Materias que continúan o temario

Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías